| i | B4.2. Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC. B4.3. Funcións orgánicas de interese: | B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións. | QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais. | Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais. | 1º T | Caderno de clase Proba escrita | Lista de cotexo Resolución de cuestións e problemas | CMCCT |

| | | | | | | | | |
|---|--|---|---|--|------|-----------------------------------|--|-------|
| | osixenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados, tiois e perácidos. Compostos orgánicos polifuncionais. | | | | | | | |
| i | B4.4. Tipos de isomería. | B4.3. Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada. | QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular. | Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular. | 1º T | Caderno de clase Proba escrita | Lista de cotexo Resolución de cuestións e problemas | CMCCT |
| i | B4.5. Tipos de reaccións orgánicas. | B4.4. Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox. | QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario. | Identifica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox). | 1º T | Caderno de clase Proba escrita | Lista de cotexo Resolución de cuestións e problemas | CMCCT |
| i | B4.5. Tipos de reaccións orgánicas. | B4.5. Escribir e axustar reaccións de obtención ou | QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións | Aplica a regra de Markovnikov para obter un | 1º T | Caderno de clase | Lista de cotexo | CMCCT |

| | | | | | | | | |
|---|------------------------------|---|--|--|------|-----------------|-------------------------------------|-------|
| | | transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente. | necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros. | composto orgánico determinado a partir de doutro con distinto grupo funcional. | | Proba escrita | Resolución de cuestións e problemas | |
| b | B4.6. Importancia da química | B4.6. Valorar a importancia da química | QUB4.6.1. Relaciona os grupos | Recoñece as características e propiedades dos compostos | 1º T | Observación di- | Lista de cotexo | CMCCT |

Química. 2º de bacharelato

| | | | | | | | | |
|-----|---|---|---|-----------------------|--|--|---------|-----|
| | | | | | | | | |
| i 1 | do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar. B4.7. Principais compostos orgánicos | mica orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social. | funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico. | sinxelos de interese. | | recta Traballo de investigación | Rúbrica | CSC |

| | | | | | | | | |
|-----|--|---|--|---|------|--|----------------------------|-------|
| | de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos. | | | | | | | |
| i | B4.8. Macromoléculas. | B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas. | QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética. | Recoñece macromoléculas sinxelas. | 1º T | Observación directa Traballo de investigación | Lista de cotexo Rúbrica | CMCCT |
| i | B4.9. Polímeros. | B4.8. Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa. | QUB4.8.1. A partir dun monómero, diseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar. | Constrúe a fórmula dun polímero a partir dun monómero. | 1º T | Observación directa Traballo de investigación | Lista de cotexo Rúbrica | CMCCT |
| i 1 | B4.10. Reaccións de polimerización. B4.11. Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades. | B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial. | QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, | Identifica a estrutura dos distintos polímeros sintéticos e os seu interese industrial. | 1º T | Observación directa Traballo de investigación | Lista de cotexo Rúbrica | CMCCT |

| | | | | | | | | |
|-----------------------------------|--|---|--|---|------|--|----------------------------|--------------|
| | | | poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita. | | | | | |
| b i l | B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos. | B4.10. Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria. | QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida. | Recoñece a importancia dos derivados orgánicos en medicina. | 1º T | Observación directa Traballo de investigación | Lista de cotexo Rúbrica | CMCCT CSC |
| b i l | B4.12. Fabricación de materiais plásticos e as súas transformacións: impacto ambiental. | B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos. | QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as | Recoñece as distintas aplicacións da química orgánica. | 1º T | Observación directa Traballo de investigación | Lista de cotexo Rúbrica | CMCCT CSC |
| Química. 2º de bacharelato | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

| | | | | | | | | |
|----------|--|---|--|---|------|--|----------------------------|----------------------|
| | | | desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan. | | | | | |
| b i l | B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar. | B4.12. Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar. | QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento. | Valora a importancia dos compostos orgánicos e sintéticos para o desenrolo da sociedade actual e os problemas medioambientais que poden provocar. | 1º T | Observación directa Traballo de investigación | Lista de cotexo Rúbrica | CCEC CMCCT CSC |

3.2.2.3. Física de 2º Bacharelato

Este curso non temos alumnado na materia de Física 2º Bacharelato, polo que non corresponde concretar a programación.

4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A materia de Física e Química debe fomentar no alumnado a capacidade de razoamento e contraste de hipóteses.

Coa finalidade de facilitar a acción docente e mellorar o proceso, é conveniente considerar as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir das ideas previas do alumnado.
- Achegar os contidos aos intereses e necesidades do alumnado.
- Integrar referencias á vida cotiá.
- Favorecer o papel activo dos alumnos e das alumnas.
- Potenciar que os alumnos e as alumnas constrúan os seus propios significados.
- Modificar os esquemas de coñecemento dos alumnos e alumnas.
- Empregar tanto a dedución como a indución.
- Arbitrar dinámicas favorecedoras da interacción profesorado-alumnado.
- Incluír actividades que desenvolvan a expresión e comprensión oral e escrita.
- Establecer un enfoque histórico dos contidos científicos.
- Visibilizar o papel das mulleres no desenvolvemento das ciencias.
- Atender á diversidade.
- Educar en valores positivos.
- Traballar con proxectos.

Segundo a metodoloxía empregada, débense deseñar e propoñer actividades para poder desenvolver os contidos e poder alcanzar os obxetivos establecidos:

- Actividades de coñecementos previos. Utilízanse para detectar os coñecementos previos adquiridos en cada unidade didáctica que se vai traballar. Consisten en cuestionarios, preguntas orais...
- Actividades de introdución-motivación. Consiste en lecturas de textos científicos de actualidade e o posterior comentario e posta en común, visualización e comentario de vídeos, utilización de modelos moleculares, programas informáticos de simulación, a realización de mapas conceptuales, co fin de relacionar, clarificar e repasar os contidos que se abordan nelas.

-Actividades de desenvolvemento-consolidación. Consisten na explicación teórica dos contidos, a realización de exercicios prácticos, prácticas de laboratorio, actividades informáticas, uso das aulas virtuais, etc. Estas actividades permiten que o alumnado coñeza novos conceptos, os contraste con outros adquiridos e poda aplicar novas aprendizaxes.

-Actividades de recuperación. Para atender ao alumnado que non adquira os contidos mínimos. Consistirán en actividades de menor dificultade.

-Actividades de ampliación. Permiten afondar nos contidos propostos, en especial para aquel alumnado que alcanzou con éxito os obxetivos. Consistirán en pequenos traballos de investigación, busca e consulta en Internet de aspectos relacionados co tema abordado.

-Actividades complementarias para espertar o interese do alumnado polos contidos e permitirlles contextualizarlos no seu contorno. Trátanse de visitas a industrias do sector químico, museos...

-Actividades de avaliación, orientadas á comprobación dos contidos aprendidos. Consisten na avaliación inicial, procesal e final.

-Prácticas de laboratorio: servirán para afianzar os conceptos elementais da materia e para que o alumnado adquira as destrezas básicas do traballo no mesmo.

Todos estes tipos de actividades están planificadas, tanto pola súa finalidade como polo tipo de interacción que propician, para conducir ao alumnado a diferentes tipos de aprendizaxes. En función do tipo de agrupamento, cando as actividades se realicen individualmente favorécese a creatividade, iniciativa persoal, autonomía, responsabilidade, esforzo, planificación do seu traballo..., sendo o alumno o que realiza a súa propia aprendizaxe; nembargantes, as actividades colectivas ou de grupo favorecen a socialización, a mellora das relacións persoais, tolerancia, traballo en equipo, respecto polos demás, aprender a compartir; o alumnado sabe e sente que o seu éxito persoal axuda aos demais a alcadar o seu, perseguindo resultados para o grupo. Contribuíndo ao *Proyecto PAC (Personalización do ensino, Autonomía do alumnado, Cooperación entre iguais)*.

Segundo o Proxecto Lingüístico do centro, (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia), a materia impartirase en castelán; o alumnado poderá utilizar galego ou castelán na súa expresión oral e escrita.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para presentar e desenvolver os contidos, precisamos complementar a metodoloxía con diversos recursos, como os seguintes:

-Recursos materiais.

Son recursos tanxibles utilizados como instrumentos de apoio na exposición dos contidos. Entre eles atópanse:

-Materiais impresos:

- Libro de texto 2º ESO “Física y Química Serie investiga”, editorial Santillana, 2016.
- Libro de texto 3º ESO “Física y Química”, editorial McGrawHill, 2022.
- Libro de texto 4º ESO “Física y Química (Serie investiga)”, editorial Santillana, 2016.
- Libro de texto 1º Bacharelato “Física y Química” editorial McGrawHill, 2022.

-Materiais informáticos: ordenadores, programas para simulacións, programas de software aplicables a actividades científicas, Internet, pizarras dixitais, etc.

-Materiais de laboratorio de Física e Química.

-Materiais auxiliares para a exposición de contidos e ideas: murais, modelos moleculares, etc.

-Espazos utilizables no centro: aulas, laboratorios, biblioteca, patio, e tamén espazos do ámbito cercano tales como industrias, zonas naturais ou muesos, que permiten a observación de fenómenos que suceden no contorno e a comprensión e aplicación dos coñecementos teóricos.

-Recursos TICs e promoción da lectura.

É importante a utilización das novas tecnoloxías e a promoción da lectura, nunha materia como Física e Química. A busca de información, a elaboración de traballos cun uso adecuado das TICs e a promoción da lectura con libros e revistas de divulgación científica, é indispensable para o desenvolvemento e actualización dos coñecementos no mundo actual. Listaxe provisional de libros propostos:

2º ESO: “El asesinato de la profesora de ciencias”. Jordi Sierra i Fabra. Editorial Anaya, 2014.

3º ESO: “La puerta de los tres cerrojos”. Sonia Fernández-Vidal. Editorial La Galera, 2013.

4º ESO: “Quantic Love”. Sonia Fernández-Vidal. Editorial La Galera, 2012.

6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación é unha actividade imprescindible nas tarefas docentes para alcanzar con éxito os obxectivos que se propoñen. Os referentes para a comprobación do grado de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos por parte do alumnado, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

A programación para este curso escolar incorpora unha avaliación continua e diferenciada. O primeiro por aportar información continuada e integrada permitindo reconducir a programación establecida, e o segundo por atender de forma individualizada e personalizada ao alumnado.

Durante a avaliación do alumnado podemos distinguir tres momentos clave:

-Avaliación inicial: realízase ao principio de cada unidade didáctica, para averiguar os coñecementos previos do alumnado e orientar ao profesor para adecuar a programación ao seu nivel, facendo maior incidencia naqueles coñecementos precisos. Consiste nun cuestionario ou preguntas orais.

-Avaliación de proceso ou formativa: realízase durante o transcurso do proceso educativo para recoller información da consecución dos obxectivos. Aquí identificaránse as dificultades e os avances no proceso de aprendizaxe, permitindo axustar os compoñentes curriculares ao ritmo de aprendizaxe. Consistirá na resolución de exercicios, problemas e preguntas abertas propostas en clase. Para a súa avaliación empregaranse listas de cotexo.

-Avaliación global: pretende valorar o grado de consecución dos obxectivos propostos. Realizaremos dúas probas escritas por trimestre. Consistirán en cuestións e problemas onde se avaliarán unha serie de estándares de aprendizaxe para os cales se estableceu un grao mínimo de consecución (apartado 3). Os informes de laboratorio e traballos relacionados coas TICs avaliaranse mediante rúbricas e a realización de boletíns de exercicios, análise de textos de divulgación científica e elaboración de caderno de traballo mediante listas de cotexo.

Criterios de cualificación do alumnado da ESO

A cualificación total de cada trimestre, virá dada pola parte enteira do valor obtido ao realizar a media ponderada dos seguintes instrumentos de avaliación:

- Media ponderada das probas escritas (dúas como mínimo cada trimestre) compostas de problemas, exercicios e cuestións variadas que axuden na consecución dos obxectivos establecidos (75 %)
- Listas de cotexo onde se recollan os resultados do traballo diario na aula, actividades, exercicios, cuestións, rúbrica dos traballos de investigación, informes de laboratorio, tratamento de libro de lectura e similares (25 %)

A cualificación de cada avaliación irá dende 1 ata 10 puntos sendo a nota mínima necesaria para aprobar de 5 puntos.

De cada avaliación suspensa farase unha proba escrita de recuperación na seguinte avaliación ou cando decida o departamento de acordo ás necesidades do alumnado. Para o cálculo da nota final de recuperación terase en conta únicamente a calificación alcanzada en dita proba escrita.

Criterios de cualificación do alumnado de Bacharelato

No caso do alumnado de Bacharelato, a nota de cada avaliación procederá da media ponderada das probas escritas realizadas, cun mínimo de dúas probas en cada trimestre.

Os informes de laboratorio, no caso de esixirse, teranse en conta para o cálculo da nota final do curso. Suporán un 10 % da nota, resultando neste cálculo a nota dos exames dun 90%.

A cualificación de cada avaliación irá dende 0 ata 10 puntos sendo a nota mínima necesaria para aprobar de 5 puntos.

De cada avaliación suspensa farase unha proba escrita de recuperación na seguinte avaliación.

Consideracións sobre as probas escritas

-Como mínimo serán dúas por trimestre, e a segunda poderá abarcar tódolos contidos desenvoltos no período, nese caso a primeira proba poderá ponderarse da seguinte forma: a primeira o 35% e a segunda o 65%.

-Esixirase unha nota mínima de 3 en cada unha das probas escritas para poder superar a materia.

-Serán fixadas con antelación suficiente e procurando evitar a acumulación de probas nas mesmas datas, sempre que sexa posible e aconsellable.

-A puntuación correspondente a cada pregunta irá exposta ó lado do seu enunciado.

- Cada proba será puntuada de 0 a 10.
- Despois de corrixidas, as probas serán mostradas ao alumnado para comentalas e revisalas, se fora preciso, e posteriormente devoltas ao profesor ou profesora.
- Non se valorará ningunha pregunta que non esté debidamente explicada, nin se valorará unha simple operación matemática.
- Os resultados numéricos inclúen as correspondentes unidades, polo que a puntuación máxima só é posible cun emprego correcto das unidades de medida.
- Débese contestar de forma concreta ao que se pregunta, con bolígrafo azul ou negro e evitando o uso de corrector.
- Poderase usar calculadora, agás aquelas que teñan posibilidade de adquisición de texto en calquera das súas modalidades.
- No caso de trampa ou fraude comprobado, a cualificación dese exame será dun 0, e o profesorado implicado resérvase a posibilidade de aplicar las medidas correctivas que estime ó respecto.
- Se un alumno ou alumna non realiza o exame o día que estaba fixado, para poder realizalo noutra data deberá aportar xustificante médico ou documento acreditativo da situación.
- En calquera caso, consideraranse graves os erros na formulación e nomenclatura química, de acordo ós distintos niveis académicos.
- En 2º de Bacharelato, os criterios xerais de corrección dos exames axustaranse ós marcados para a corrección dos exames de Física e Química das ABAU, pendentos dos posibles cambios que determine a administración correspondente.

Avaliacións finais, ordinarias e extraordinarias

A cualificación final de xuño calcularase como a media aritmética da cualificación obtida en cada trimestre, sempre que estas superen o 4. En caso de non acadar este valor a nota final deberá ser 4 ou

inferior. Sempre deberá terse en conta a madurez persoal de cada alumno ou alumna. Así mesmo, no caso de bacharelato a nota final calcularase como a media ponderada de cada avaliación trimestral. Para este cálculo será necesario que o alumnado alcance unha nota mínima por avaliación de 4.

A partir do 22 xuño, o alumnado que non superou a materia na avaliación final ou ordinaria poderá facer unha proba concreta para superala; a cualificación obtida será aquela que resulte da proba realizada, que poderá conter cuestións sobre todos os contidos da materia ou ben só sobre aqueles non superados. Esta proba manterá o mesmo formato que as realizadas durante o curso, sendo a nota mínima esixida dun 5.

ESO y 1º Bacharelato: 1ª avaliación, 2ª avaliación, 3ª avaliación, avaliación final.

2º Bacharelato: 1ª avaliación, 2ª avaliación, avaliación ordinaria, avaliación extraordinaria.

Modelos de probas

1º trimestre / Física e Química 3º ESO

Nombre:

Fecha:

Define: a) Ley b) Medir c) Magnitud 1,5 puntos

1. Razona si las siguientes afirmaciones son verdaderas o falsas: 2 puntos
 - a) Una ley es un experimento contrastado.
 - b) El método científico no incluye proponer hipótesis.
 - c) La ciencia es independiente del contexto en el que se desarrolla.
 - d) Los adelantos tecnológicos no influyen en la investigación científica.
 - e) Un científico debe comunicar sus resultados para completar el método científico.

2. Una persona mide un objeto de 140 cm y obtiene 138 cm. Después mide otro objeto de 130 cm y obtiene 132 cm. Calcula el error absoluto y el error relativo para cada caso, e indica qué medida es mejor. 2 puntos

3. Indica 3 magnitudes fundamentales del S.I. 0,5 puntos

4. Construye la gráfica distancia frente a tiempo para un cuerpo que se mueve según los siguientes datos, e indica el valor aproximado que tendrá la distancia a los 2,5 s: 2 puntos

| | | | | |
|------------|---|---|---|---|
| Tiempo (s) | 0 | 1 | 2 | 3 |
|------------|---|---|---|---|

| | | | | |
|---------------|---|----|----|----|
| Distancia (m) | 0 | 10 | 40 | 90 |
|---------------|---|----|----|----|

5. Plantea una hipótesis para la siguiente cuestión: ¿afecta la temperatura a la solubilidad del azúcar en agua? Indica además cómo comprobarías tu hipótesis. 2 puntos

2º trimestre / Física e Química 4º ESO

Nombre _____ Fecha _____

- Calcula la constante de deformación de un muelle, que sufre un alargamiento de 12 cm, al colgar de uno de sus extremos un cuerpo que ejerce un peso de 35 N. 2 puntos
- Calcula gráficamente, de forma aproximada, la resultante de dos fuerzas paralelas aplicadas cada una a uno de los extremos de una barra de 10 m de longitud. Ambas fuerzas tiene el mismo sentido, y sus módulos son 20 N y 40 N. 2 puntos
- Enuncia el primer principio de la dinámica. Después de enunciarlo, explícalo con tus palabras, y escribe algún ejemplo. Por último, razona qué condición tiene que darse para que un cuerpo, que se mueve a una velocidad constante, no varíe esa velocidad ni en módulo, ni en dirección, ni en sentido. 2,5 puntos
- a) Calcula la fuerza que hay que aplicar a un cuerpo de $m=50$ kg, para que su a sea 2 m/s^2 . Dibuja esquemáticamente la dirección y el sentido de F y de a ; recuerda que ambas magnitudes son vectoriales. 1 punto
 b) Calcula la aceleración que adquiere un cuerpo de $m=25$ kg, al serle aplicada una $F=250$ N. Dibuja esquemáticamente la dirección y el sentido de F y de a ; recuerda que ambas magnitudes son vectoriales. 1 punto
- También el peso es una magnitud vectorial: expresa detalladamente sus componentes vectoriales. 1,5 puntos.

3º trimestre / Química 2º Bacharelato

Nombre _____ Fecha _____

Resuelve 5 de las siguientes 8 preguntas. Todas tienen la misma puntuación.

1)))

Para el equilibrio $\text{SnO}_2 (\text{s}) + 2 \text{H}_2 (\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{H}_2\text{O} (\text{g}) + \text{Sn} (\text{s})$:

Se observa que K_p aumenta conforme mayor es la temperatura.

Indica razonadamente si aumentará la producción de estaño:

- a) Al aumentar la temperatura.
- b) Al disminuir la presión total.
- c) Al añadir un catalizador.

2)))

Justifique, mediante la formulación de las ecuaciones correspondientes, el carácter ácido, básico o neutro que presentarían las disoluciones acuosas de las siguientes disoluciones:

- a) Cloruro de amonio
- b) KNO_3
- c) Na_2CO_3

3)))

La siguiente reacción transcurre en medio ácido: $\text{MnO}_4^- + \text{SO}_3^{2-} \rightarrow \text{MnO}_2 + \text{SO}_4^{2-}$

- a) Razona qué especie se oxida y qué especie se reduce.
- b) Razona cuál es el oxidante y cuál el reductor.
- c) Ajusta la reacción iónica.

4)))

Dispongo de una disolución acuosa de AgNO_3 1M

- a) Si se sumerge en ella un alambre de cobre, ¿se oxidaría?
- b) Y si el alambre sumergido fuera de oro... ¿se oxidaría?
- c) Y si el alambre sumergido fuera de platino... ¿se oxidaría?

$E^0(\text{Ag}^+/\text{Ag})=0,80 \text{ V}$; $E^0(\text{Cu}^{2+}/\text{Cu})=0,34 \text{ V}$; $E^0(\text{Au}^{3+}/\text{Au})=1,50 \text{ V}$; $E^0(\text{Pt}^{2+}/\text{Pt})=1,20 \text{ V}$

5)))

Una muestra que contiene sulfuro de calcio, se trata con ácido nítrico concentrado hasta reacción completa, según: $\text{CaS} + \text{HNO}_3 \rightarrow \text{NO} + \text{SO}_2 + \text{Ca}(\text{NO}_3)_2 + \text{H}_2\text{O}$

- a) Ajusta la reacción por el método del ion-electrón, en sus formas iónica y molecular.
- b) Sabiendo que al tratar 53 g de la muestra con exceso de ácido se obtienen 20,3 L de NO, medidos a 30°C y 780 mmHg, calcula la riqueza en CaS de la muestra.

6)))

En un matraz vacío se introduce cierta cantidad de NaHCO_3 , y para 120°C se establece el siguiente equilibrio:



- b) Calcula las presiones parciales en el equilibrio de CO_2 y H_2O
- c) Calcula los valores de K_p y K_c a esa temperatura

7))) Dados los siguientes grupos de números cuánticos: (3, 2, 0); (2, 3, 0); (3, 3, 2); (3, 0, 0); (2, -1, 1); (4, 2, 0). Indique: a) Cuáles no son permitidos y por qué. b) Los orbitales atómicos que se corresponden con los grupos cuyos números cuánticos sean posibles.

8))) Complete las siguientes reacciones, ajustando la de combustión:



7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Igual que avaliamos as capacidades e logros do alumnado, debemos avaliar o proceso de ensino e a propia función docente.

A avaliación da práctica docente terá un carácter *continuo e formativo* e afectará a aspectos como: a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro, a relación entre profesor e alumnado, a coordinación entre o equipo de profesores, a convivencia na aula e a atención á diversidade.

Os procedementos de avaliación consistirán en cuestionarios ao alumnado ao final de cada trimestre para que respondan, de forma anónima. Tamén cubriremos un cadro de indicadores de logro ao final de cada trimestre despois de realizar as reunións do departamento, Comisión de Coordinación Pedagóxica e entrevistas e reunións coas familias.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para aquel alumnado que promocionou con Física e Química do curso anterior pendente, levarase a cabo un programa de reforzo. Repartiranse entre o alumnado boletíns de exercicios que deberán entregar a persoa encargada da xefatura do departamento e se establecerán reunións, durante os recreos ou nos tramos horarios que decida o departamento segundo as posibilidades, para resolver as posibles dudas e entregar os exercicios. Ademais realizaranse dúas probas, previstas en principio unha en xaneiro e outra en abril.

A nota final será a media dos dous exames sempre e cando esta sexa superior a 5 e a nota de cada exame superior a 3. Para aquel alumnado que non aproveite esta oportunidade, haberá unha proba global de toda a materia en maio ou xuño. Os resultados do programa recolleranse nunha memoria sobre o desenvolvemento e avaliación do proxecto que se incorporará á Memoria do Departamento.

9. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

Os alumnos que queiran matricularse en Química e/ou Física de 2º de Bacharelato sen cursar Física e Química en 1º, poderán realizar un exame en similar á proba extraordinaria ou cursar a materia de 1º de bacharelato como pendente para acreditar os coñecementos necesarios para cursar a materia de 2º.

10. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Realizarase a principio de curso unha avaliación inicial, a través da observación sistemática na aula e mediante a realización dunha proba con cuestións variadas, que permitirá obter información sobre o nivel de coñecementos adquiridos polo alumnado na materia correspondente do curso anterior. No caso de 2º ESO, ao ser a primeira vez que cursan a materia de Física e Química, a proba versará sobre coñecementos básicos de ciencia e comprensión de contidos científicos. Atenderase de maneira específica ao alumnado que estea a repetir curso.

O carácter desta avaliación será informativo. Segundo os resultados obtidos nela tomaranse as medidas individuais ou colectivas precisas para alcanzar os contidos mínimos necesarios para o desenvolvemento desta materia, reforzando aqueles aspectos nos que o alumnado demostre un déficit de coñecementos.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Partindo da aula como reflexo da sociedade, a diversidade é unha realidade social; unha realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno. A resposta educativa a esa diversidade, regulada nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 229/2011, do 7 de decembro, debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, realizando medidas e accións apropiadas ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. O obxectivo educativo é conseguir que todas as persoas alcancen o máximo desenvolvemento persoal e social.

Debemos lembrar que dentro do alumnado con NEAE podemos distinguir: alumnado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe, trastornos do espectro autista, trastorno de déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Na avaliación inicial detectaremos as características do alumnado con NEAE, en colaboración co departamento de Orientación, así como co resto do profesorado implicado.

Unha vez detectado, o alumnado con necesidade específica de apoio educativo recibirá atención a través das seguintes medidas concretas: reforzos, adaptacións curriculares, actividades de repaso e

ampliación, programas de diversificación curricular, programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento e programas de inmersión lingüística. Así mesmo, este alumnado recibirá atención personalizada por parte do profesorado deste departamento, de maneira que facilitaremos a súa participación na realización das tarefas propostas en cada momento e a súa inclusión nos grupos.

Ademais, na metodoloxía diaria proporcionaremos contidos de menor a maior dificultade, diversificaremos as dinámicas de traballo, alternando actividades de diferente natureza para estimular a súa motivación e impedir o aburrimiento. Combinaremos os distintos tipos de agrupamentos e evitaremos os tempos mortos. Na aula haberá sempre un clima aberto, que fomente as relacións interpersonais, e manteremos informada á familia do proceso educativo.

Estas medidas atópanse recollidas no Plan de Acción Tutorial e no Plan de Atención á Diversidade.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

A sociedade e a forma de vida actual demandan a necesidade de incorporar ao currículo unha serie de contidos transversais. Estes contidos favorecen o desenvolvemento integral da persoa permitindo que o alumnado adopte unha perspectiva crítica, preocupándose por problemas sociais actuais, participando activamente nunha sociedade moi dinámica, na que os avances tecnolóxicos, sociais e económicos xogan un papel esencial.

Tal e como se establece no artigo 4 do Decreto 86/2015, os elementos transversais deben de ser tratados en todas as materias de cada etapa.

Os primeiros elementos xa se explicaron no apartado das competencias, aquí só se citan: Comprensión lectora (CL), Expresión oral (EO), Expresión escrita (EE), Comunicación audiovisual (CA), Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e Emprendemento (EMP). En cuanto á Igualdade entre homes e mulleres (I) e Prevención da violencia de xénero e contra as persoas con diversidade funcional (PV), traballarase na materia ao longo de todo o curso evitando calquera comportamento discriminatorio. A Resolución pacífica de conflitos (RC) e os Valores (V) tamén estarán presentes durante o transcurso da materia, respectando as normas de laboratorio, desenrolando o respecto, a tolerancia, a autoestima... A Contaminación Ambiental (CAMB) abordarase no tratamento de temas como o cambio climático, choiva aceda, produtos orgánicos e inorgánicos, polímeros, novos materiais...

13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Durante o curso escolar, para afondar nos estándares de aprendizaxe poderán realizarse, sempre que sexa posíbel e de acordo coas normativas específicas pola situación de pandemia global, as seguintes actividades dentro da organización global do centro e en coordinación cos demais departamentos:

| Data | Actividade | Grupos |
|--------------|--|----------------|
| 1º trimestre | MUNCYT (visita guiada e obradorios) | ESO |
| 2º trimestre | Día das mulleres na ciencia (obradorios, charlas, exposicións) | ESO |
| | Obradorio REPSOL (no propio centro) | 3º ESO |
| 3º trimestre | Ciencia na Rúa | Tódolos grupos |
| | CIQUS (visita guiada) | Bacharelato |

Destacamos a continuidade este curso do Club de Ciencia, coa participación e coordinación dos tres membros do departamento e mais profesorado doutros departamentos.

Doutra banda, potenciaremos a colaboración coa Biblioteca do centro, para fomentar a lectura como un dos fundamentos da alfabetización científica.

Ademais, poderán propoñerse todas aquelas actividades que ao longo do curso poidan xurdir e sexan de interese para o alumnado e o departamento.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

No departamento de Física e Química realizarase o seguemento da programación ao final de cada trimestre. Aquí reflexarase o grao de cumprimento e a súa adecuación para realizar os axustes que se consideren precisos e poder reelaborarla. Ao terminar o curso realizarase unha memoria na que se recollan os resultados das avaliacións feitas durante todo o curso e se fagan propostas de mellora.

Para a autoevaluación da programación utilizaranse indicadores de logro organizados nunha escala de valoración, que permitirán ben durante o desenrolo do curso ou cando finalice, realizar uns plans de mellora da programación, que se vexan reflexados nunha optimización da práctica docente.

A programación considérase, polo tanto, como un procedemento de retroalimentación e un elemento regulador do proceso educativo completo. O grao de coherencia interna entre as accións emprendidas e os distintos elementos da programación deberá ser valorado en si mesmo. Durante o curso académico detectaranse os posibles erros e teranse en conta para próximos cursos. Toda esta información recollerase na Memoria final do Departamento.

15. ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN POR MOR DA COVID-19

En principio, neste curso non haberá medidas especiais por mor da Covid-19. En calquera caso, esta programación ten en conta tres escenarios posibles: actividade lectiva presencial, semipresencialidade e períodos de confinamento, de forma que prevé estratexias versátiles a través de ferramentas tecnolóxicas que garantan o mantemento do proceso de ensino e aprendizaxe sexa cal for a situación, de acordo ás decisións das administracións sanitarias e educativas.

16. ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR O HÁBITO DA LECTURA

O departamento asume a necesidade de fomentar o hábito de ler, como parte da formación integral do alumnado, e como ferramenta imprescindible para alcanzar unha alfabetización científica básica que permita ao alumnado desenvolverse de forma responsable e construtiva no mundo. Concretamente, propoñemos a lectura dos seguintes libros:

- La Puerta de los Tres Cerrojos, Sonia Fernández-Vidal.
- Quantic Love, Sonia Fernández-Vidal.
- Por qué la nieve es blanca, Javier Fernández Panadero.
- De Arquímedes a Einstein, Manuel Lozano Leyva.

De forma coordinada, cada membro do departamento:

- Recomendará libros de divulgación científica, para estimular o interese e a curiosidade e afianzar os coñecementos desenvolvidos en clase; a lectura destes libros será aconsellable, pero nos serán unha obrigação máis para o alumnado.
- Traballará periódicamente con textos de interese científico: lectura, resumos, cuestións, debates e conclusións.
- Divulgará e promoverá firmemente a lectura activa de noticias científicas, tecnolóxicas, de saúde e medio ambiente.
- Propoñerá a realización de traballos monográficos para os cales sexa necesario o manexo de material bibliográfico diverso.
- Promoverá o uso da biblioteca escolar.
- Se é posible, establecerá un recuncho para noticias científicas de actualidade no taboleiro de cada aula e no laboratorio.